ANUNCIO: PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE VIVENDAS SOCIAIS

Na data 26/10/2026 o Alcalde ditou a Resolución que literalmente se transcribe:

"Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de vivendas sociais, publicada no BOP nº 94 do 19 de maio de 2022. Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola utilización de vivendas sociais do mes de **NOVEMBRO 2026.**

Tendo en conta o establecido no artigo 21..f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón mensual da taxa pola utilización de vivendas sociais do mes de **NOVEMBRO 2026**, composto por 2 contríbuintes e importe total de 120,00 Euros.

SEGUNDO.- Publicar edicto no taboleiro de anuncios, a efectos de notificación colectiva nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e as recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución."

Cabana de Bergantiños, a 29 de outubro de 2026

O Alcalde

Asdo. José Muíño Domínguez

CVD: ypCsYqpNNeKdt0BfuGrD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cabana.gal/